

■ **Montes**

Frouma deseña o plan contra o lume nos montes de Cercedo

A Mancomunidade de Montes de Cercedo, que agrupa a comuneiros e comuneiras do concello homónimo e Forcarei, encargoulle a Frouma o desenvolvemento dun plan de prevención dos lumes forestais despois de ter sufrido varios incendios devastadores no fatídico agosto de 2006. **Páx. 7**

■ **Agroecoloxía**


O Grelo Verde levará alimentos ecolóxicos a máis escolas

Tras rematar un proxecto de promoción dos produtos ecolóxicos amparado polo programa Rafael, O Grelo Verde iniciará unha serie de accións de concienciación ambiental que inclúe alimentos ecolóxicos en comedores escolares de Laza, Riós, Rairiz, Castrelo do Val e O Barco. **Páx. 8**

■ **Mulleres**

Isabel Vilalba defende a soberanía alimentaria en Tolouse

A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, Isabel Vilalba, participou nun encontro da Marcha Mundial das Mulleres en Toulouse, cunha intervención sobre soberanía alimentaria. Vilalba destacou a perda de emprego feminino que provoca a agricultura industrializada. **Páx. 9**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tif. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

As taxas abusivas do regadío poñen en xaque á agricultura de Lemos

■ As explotacións de Lemos pasaron de pagar polo regadío 36 euros por hectárea e ano, a ter que aboar 402 euros. Mesmo quen non rega, debe cotizar 150 euros por hectárea.


■ As taxas abusivas fan inviábel o labor de moitas explotacións gandeiras que, por riba, reciben o servizo en malas condicións e só dous meses do medio ano que dura a seca. **Páxs. 2 e 3**



O Sindicato Labrego presenta alegacións ao Anteproxecto da Lei de Minaría

Unha comitiva do Sindicato Labrego mantivo un encontro co Conselleiro de Industria, Fernando Blanco, o pasado 17 de xullo. A reunión serviu para transmitirle ao político nacionalista a preocupación que existe no sector agrario diante do Anteproxecto da Lei de Minaría de Galiza, que deixa practicamente indefenso o solo rústico diante das

actividades extractivas. Polo de agora, as equipa xurídica do Sindicato Labrego Galego redactou unha serie de alegacións que rexistrou o 19 de xullo. Desta maneira, tentarase que o Parlamento de Galiza, cando debata a lei en outono, modifique a lei antes a favor dos intereses labregos antes de aprobala definitivamente. **Páx. 5**



Especial: A Galiza labrega chega aos consellos reguladores do viño

Como xa vén sendo habitual, Fouce publica un especial sobre o sector vitivinícola xusto antes da seguinte vendimia. Nesta ocasión, amais da recapitulación sobre o traballo sindical feito neste eido da nosa agricultura, faise es-

pecial fincapé en temas como a vindeira reforma da OCM do Viño, ou as recentes eleccións aos consellos reguladores das denominacións de orixe. E todo adobiado cos artigos de opinión dos expertos. **Caderno central**

Lidia Senra demanda en Bruxelas un prezo mínimo para o leite en Europa

A secretaria xeral do Sindicato Labrego, Lidia Senra, volveu viaxar a Bruxelas para participar no Comité Consultivo do Leite da Unión Europea, o pasado 4 de xullo. A pesares de que os prezos do leite están experimentando un aumento

puntual, Senra volveu demandar un prezo mínimo para o leite en Europa blindado diante das flutuacións do mercado, e que cubra os custes das explotacións e remunere dignamente o traballo. **Páx. 6**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Xosé Pérez
Rei, Ramón Barreiro, Marian
Ferreira, Isabel Vilalba, Charo
Sánchez, Manuel Docampo,
Xosé Manuel Martínez Juste e
Xosé Manuel González Vilas.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88

**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**

COMISIONS
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169

SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909

ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377

SARRIA
Rúa Nova 60, entrecán. 939 274186

SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n

AS PONTES - Rúa Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131

VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439

RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230

XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634

LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154

MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005

CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615

LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431

FONSAGRADA - Rúa da Fonte 3,
baixo. Tifno. 982 350 080

A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232

MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331714

LALÍN -
Arenal nº1, 1º andar. Tif. 986 782191

SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526

TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781

PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394

O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

Regadío de Lemos: coa auga no pescozo

A suba das taxas por regar en máis dun 1.000% fai inviábeis as actividades gandeiras no sur de Lugo

Din que en Galiza non chove a gusto de todos. Nas terras de Lemos, simplemente, non chove. Por iso dependen do regadío, unha infraestrutura construída en 1968 e da que dependen todas as explotacións agropecuarias

desta bisbarra do sur de Lugo. Cun clima semellante ao de Zamora –a época seca comeza en maio e dura medio ano- aquí non hai agricultura sen as augas do Mao encoradas no salto de Vilasouto...

Todo foi máis ou menos ben ata o ano 2002, cando á Confederación Hidrográfica do Norte (CHN), con sede en Oviedo e dependente do Ministerio de Medio Ambiente, lle acordou actualizar as taxas e cobrar os atrasos do regadío, subindo o prezo por hectárea e ano de 36 a 402 euros.

A desmesura na suba das taxas do regadío de Lemos vese mellor cun exemplo. Na parroquia de Aparte, en Monforte, tres explotacións leiteiras e seis soci@s constituíronse hai pouco como Sociedade Agraria de Transformación (SAT) para axuntar gastos e esforzos de cara a facer máis rendíbel e competitiva a súa actividade.

Neste 2007, a SAT de Aparte sementou 58 hectáreas de millo forraxeiro para mantenza da súa cabana gandeira, o que lles supuxo ao redor de 30.000 euros de investimento. O gasto pagaría a pena de non ter enriba a lousa das taxas do regadío. As contas son doadas de botar. Se antes regar esas 58 hectáreas custaba pouco máis de 2.000 euros, agora terán que desembolsar 23.316 euros (case catro millóns de pesetas).

■ Pagar por non regar

Evidentemente, esta SAT non pode asumir semellante gasto adicional, e menos nun contexto no que todos os insumos agrarios non paran de subir (gasóleo, sementes, abonos, pensos, etcétera) e no que teñen que facer fronte á amortización de fortes investimentos; en concreto, a SAT de Aparte está construíndo unha nave para 150 cabezas de gando.

Mesmo sen regar, as terras polas que pasa o regadío están obrigadas a pagar un canon de 150 euros (25.000 pesetas) por hectárea.



A Comunidade de Regantes de Lemos manifestouse en Monforte contra as taxas o 13 de xullo

Un obstáculo máis para unha actividade agrogandeira en regresión

Benito Armesto, un dos membros da SAT, amosa impotente como a colleita de millo está comezando a resentirse pola falla de auga. As follas dalgunhas plantas xa están secas. Benito explica que "o millo sementámolo en abril, e aínda está botando a flor agora, a mediados de xullo. Só nalgunhas plantas comezan a formarse as mazarocas. Isto quere dicir que o millo vai quedar anano por non terlle dado unha rega cando se debía".

Os irmáns Alberte e Xoán Vila Martínez, tamén socios da SAT, redundan nas queixas de Benito: "Xa non quedan moitas explotacións na zona porque a actividade gandeira é pouco rendí-



As colleitas na bisbarra comezan a resentirse pola falla de auga a pesares de ser o ano máis chuvioso do habitual

bel. E, se seguen así, teremos que pechar todos. A totalidade dos custes disparouse de maneira drástica nos últimos tempos e, por riba, non podes medrar porque non tes acceso a cota. Tampouco

temos acceso á terra, pois ao ser as leiras boas e teren regadío é máis difícil facerse con elas, polo que nin sequera podes mellorar ampliando a base territorial da explotación".

Serías deficiencias nun servizo que fica inactivo dous terzos da época de seca e obriga a abrir canles “Isto é un desastre. Non podemos regar e pagamos por un servizo que non temos”

Alguén podería pensar que os servizos hai que pagalos. Para iso, deberían cubrir satisfactoriamente a demanda d@s usuari@s. Pero o problema engadido ao das abusivas taxas é que o regadío de Monforte padece unhas deficiencias que converten a rega nun auténtico calvario. A falla de rede secundaria de canalizacións obriga aos usuarios a abrir quilómetros de regos para levar a auga ás súas terras, o cobro adolece da máis pura arbitrariedade, e só dan auga nos meses de xullo e agosto, cando a seca comeza en maio e dura medio ano.

Para colmo de males, non só o de Lemos é un dos regadíos máis caros de España, senón que no cobro das taxas prodúcense serias arbitrariedades. **Benito** explica que “nesta zona hai 4.870 hectáreas. Delas, sen uso de regadío, pagan 2.000; e con uso 500. Se os cartos a pagar se repartisen entre todas as hectáreas da zona, iso xa suporía unha rebaixa. Se, ademais, mirasen ben quen rega, entón baixaría aínda máis, pois creo que só están a pagar as taxas un terzo d@s regantes. Todos sabemos que hai moita xente que rega e nunca pagou, e hai outros que pagamos fincas que nunca regamos e, se cadra, non pagamos as que si regamos”.

Xoán Vila incide no mesmo que Benito ao cualificar a situación de “desastre”, e critica que non se distinga unha explotación de horta “á que lle poden bastar cunhas poucas hectáreas para ser rendíbel” dunha gandeira “que planta forraxe para alimentar ao gando”. Tamén destaca Xoán que “mesmo gravan fincas que están por riba da canle e que son imposíbeis de regar”, polo que, conclúe, “hai un descontrol tremendo”.

É o mesmo **Xoán** quen resume o sentir dos labregos e das labregas da zona sobre o regadío ao dicir que “ninguén di de non pagalo, pois é un servizo que temos aí e que debemos sufragar. Pero debería ser a un prezo razoable que nos permitise vivir das nosas explotacións, e cunhas infraestruturas en condicións, renovándoas coa instalación de canalizacións con auga a presión para poder regar ben. O certo é que agora non podemos regar e estamos a pagar por un servizo que non temos”.

■ Abrindo regos de máis dun quilómetro

Ao devandito habería que engadir as deficiencias nas infraestruturas e no servizo. A case inexistencia ou mal conservación de canles secundarias obriga a que as propias explotacións teñan que abrir regos. Segundo conta **Benito** “temos que traer a auga por un traxecto dun quilómetro e medio por unha cuneta e un rego. Isto supón que, unha vez sae a auga, tarda doce horas en chegar aquí. Non hai canles secundarias e tes que pedir permiso á veciñanza para que deixe abrir regos nas súas fincas”.

Isto confírmalo outro veciño de Aparte, **Emilio Fernández**, que ten unha explotación mixta de vacún para carne e leite no lugar de Proveiros. Emilio traballa corenta hectáreas, algunha das cales rega e outras non. En calquera caso, calcula que terá que gastar uns dous millóns de pesetas se na CHN teiman e manter estas taxas abusivas.

Emilio confesa que “regar é un traballo duro que nos obriga a andar todo o verán co tractor dun lado para outro facendo regos, levando a auga para as fincas, etcétera. A veces temos que facer regos de máis dun quilómetro e cruzar polas propiedades dos veciños”. Por iso, non dubida en afirmar que, de manterse as novas taxas, é mellor que “pechen o encoro e que nos deixen tranquilos. Sen regadío non facemos nada pero, con estes prezos, facemos máis sen regar ca regando”. Emilio explica tal afirmación argumentando que “polos cartos das taxas, podemos traer o millo e os cereais de Castela e aforramos o traballo de regar. Estaríamos máis descansados, non gastaríamos tanto e traballariamos menos”.



De arriba cara a abaixo: **Benito Armesto** xunto aos irmáns **Vila Martínez, Ramón Fernández** e **Nélida López**, e **Emilio Fernández** coa súa familia.

Outra das deficiencias do regadío de Lemos contounola un matrimonio da parroquia de Neiras, en Sober, que combinan a cría de vacas rubias cunha explotación de viñedo: **Ramón Fernández** e **Nélida López**. Coas taxas actualizadas da CHN, afirman que é imposible desenvolver ningunha actividade agraria. Ramón e

Nélida teñen 15 hectáreas que deben regar a partir de maio, que é cando comeza a seca en Lemos. Nembargante “só che dan auga dous meses ao ano, en xullo e agosto. Se cobran, deberían dar auga cando cumpra. O ano pasado, por exemplo, secaron os prados no mes de maio. Parece mentira que queiran cobrar

Mensaxe ao mundo político: “que se mollen e nos boten un cable”

Alberte Vila non dubida en apuntar cara aos políticos no capítulo de responsabilidades, e vincula o problema do regadío de Lemos á “falla de vontade política”. **Alberte** afirma que o problema podería “amañar a Administración con poucos cartos e significaría o futuro da agricultura da zona. Que non se enleen coas responsabilidades. Que se mollen os políticos e nos boten un cable aos que estamos a investir as nosas vidas no agro. Hai outros medios de vida, pero enterras aquí a túa xuventude, e aquí queres continuar. Aparte diso, pensando como país, de seguir así, o medio rural vai quedar todo a xestas. Pouco importa as leis de ordenación do territorio se non hai ninguén que fique no agro. Se non se mollan un pouco as distintas administracións, isto fica abandonado, os montes todos a xestas, e as terras baixas con chopos e silvas. E despois, a gastar millóns para evitar o lume. Aquí temos un verán mediterráneo como o de Zamora, e hai que asumilo. Ou hai regadío, ou te esqueces de todo”.

esa barbaridade e só darnos auga en xullo e agosto”.

Este matrimonio de Sober queixase de que “o prezo do gando está como hai trinta anos e, despois, todo sobe: os pensos, o gasóleo, etcétera. Con estas taxas, o pouco rendimento que nos deixan os animais levarao a Confederación Hidrográfica”.

Editorial

O re ro

O SLG presenta alegacións ao Anteproxecto de Lei de Minaría

O actual texto, pendente de aprobar polo Parlamento de Galiza, deixa indefensas ás explotacións agrarias

Unha comitiva do Sindicato Labrego integrada pola súa secretaria xeral, Lidia Senra, a responsábel na Terra Chá, Margarida Prieto, e o avogado Xosé Pérez Rei, reuniuse o pasado 17 de xullo co Conselleiro de Industria,

Fernando Blanco. O motivo do encontro foi amosarlle a Blanco a preocupación do sector agrario diante do Anteproxecto da Lei de Minaría de Galiza, que deixa indefenso o solo rústico diante das actividades extractivas.

Este anteproxecto introduce unha modificación fundamental con respecto á Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, máis coñecida como Lei do Solo. Mentres que na Lei do Solo as actividades extractivas e mineiras considéranse prohibidas en chan rústico de protección agropecuaria; co novo anteproxecto, esas mesmas actividades extractivas e mineiras pasarían a estar permitidas e, dende o punto de vista urbanístico, precisarían tan só dunha licenza municipal sen necesidade de autorización autonómica.

O Sindicato Labrego Galego fixo público o seu rexeitamento frontal a esta permisividade legislativa que antepón os intereses económicos das empresas



A comitiva do SLG transmitiulle a preocupación do sector ao Conselleiro de Industria

mineiras ao das nosas explotacións agropecuarias e que, de saír para adiante, asentaría unha preocupante base legal que deixaría desamparado ao noso agro e ao noso medio rural diante

de calquera actividade de tipo extractivo.

Por esa razón, as equipas xurídicas do Sindicato Labrego Galego presentaron, dous días despois da xuntanza co Conselleiro, o

19 de xullo, unha serie de alegacións para modificar o Anteproxecto da Lei de Minaría de Galiza para que respecte os intereses das nosas explotacións.

O Sindicato Labrego da Estrada denuncia o caos na revisión catastral

O Sindicato Labrego Galego da Estrada estivo facendo un seguimento da revisión da rústica por parte de Catastro. O traballo comezou xa hai meses, cando o Catastro fixo unha primeira toam de contacto polas parroquias estradenses. Agora, xa de xeito oficial, estanse revisando as parcelas d@s moit@s propietarios na Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada.

Desde o primeiro día, nas oficinas do Sindicato Labrego percibiuse malestar entre os agricultores e as agricultoras pois, ao contrario do que se fixo anteriormente, agora centralizaron todas as revisións na Estrada, feito que, segundo o responsábel sindical Marcos Louzao, "non entende ningún que coñeza a zona, xa que a Estrada é un dos concellos de maior superficie de Galiza".

Por outra banda, nin desde Catastro nin desde o Concello se lle comunicou aos veciños e ás veciñas das diferentes parroquias estradenses o lugar e o prazo, o que causou certo desconcerto entre a xente.

En canto á organización, Marcos Louzao non o dubidou á hora de criticar o "mal trato" aos propietarios e ás propietarias, xa que "non se cita por zonas, o persoal é insuficiente, non hai espazo de privacidade para comentar calquera cuestión particular, as colas son enormes, e nin sequera hai bancos para que as persoas maiores, que son unha gran parte, se poidan sentar.

O Sindicato Labrego Galego denunciou esta situación "propia doutros tempos", e anunciou o estudo de medidas a tomar para que se corrixa todas as deficiencias e actitudes de menosprezo cara á xente afectada. Polo de agora, a administración só accedeu a ampliar o prazo da revisión.

Por outra banda, o Sindicato Labrego da Estrada expresou o seu incondicional apoio ás persoas afectadas "dado que, até o de agora, ninguén soubo solucionar este caos."

Os plans de Medio Ambiente poñen en perigo a agricultura na Limia

Unha comitiva do Sindicato Labrego formada por un grupo de labregos da Limia e o responsábel local da organización, Anxo Pérez Rúa, reuniuse co delegado da Consellaría de Medio Ambiente en Ourense, Francisco Fumega, o 12 de xullo. A intención do encontro era a de expresar o malestar que existe na bisbarra polas formas á hora de declarar parte da comarca limiá como Zona de Especial Protección de Aves (ZEPA).

A comitiva do SLG explicou a Fumega que, tras coñecer a nova -a través dos medios de comunicación- da declaración inminente de 10.624 hectáreas como zona ZEPA na Limia, diversos sectores produtivos "sentiron como se lles botasen unha lousa enriba".

Anxo Pérez Rúa criticou que "a declaración da ZEPA

na Limia estase a tramitar dun xeito precipitado e sen consulta previa cos sectores sociais máis directamente afectados".

Crear unha ZEPA trae canda si grandes limitacións e prohibicións que afectan ás transformacións agrarias que impliquen unha intensificación do sistema de cultivo, como xa se ten visto noutras partes do estado español.

No caso concreto da Limia, a ZEPA suporía pór en serio perigo o Plan de Regadío en tramitación; criminalizaría o vertido de residuos sólidos e líquidos das explotacións agrogandeiras; obstaculizaría o acceso á zona en época de reprodución e aniñada de especies; sería unha traba para a apertura, limpeza e melloira de camiños, pistas e estremas; prohibiría a insta-

lación de cercas, valados, cerramentos e novas edificacións en solo rústico; impediría actividades que necesiten facer movementos de terra, etcétera. Todo atrancos que afectan ás actividades agrarias.

Á vista do devandito, o Sindicato Labrego amosoulle ao delegado o seu malestar diante da actitude da Consellaría de Medio Ambiente, que pretende sacarlle ferro ao asunto dicindo que a declaración como zona ZEPA vai a ter un impacto mínimo no agro limiá.

O Sindicato Labrego, explicou Anxo Pérez Rúa, "entende que as distintas actividades que se fagan na zona deben de garantir a protección do medio ambiente, pero tamén hai que ter en conta que moitas das especies de aves e anfibios

viven grazas ás distintas actividades agrícolas que se están a desenvolver na comarca".

Coa declaración como Zona de Especial Protección de Aves, moitas destas actividades poderían desaparecer, coa conseguinte perda de activos agrícolas e gandeiros, sendo a Limia a única comarca de Ourense que segue a manter e, mesmo, a incorporar nov@s traballadores e traballadoras na profesión agraria.

Por todo o antedito, o Sindicato Labrego Galego esixiu da Consellaría de Medio Ambiente que reconsidere a declaración de Zona de Especial Protección de Aves na Limia, debido "as nefastas consecuencias que isto vai a supor no tecido socioeconómico de toda a bisbarra e, en especial, do seu medio rural".